



# CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS-RALLYCROSS 2021

FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
Web: www.fga.es  
Tlfno: 986 272 541 - Fax: 986 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Balse - O Pino  
29001 OURENSE



Empower Results®



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE  
GALEGO Xacobeo 21-22  
Galicia

## REGULAMENTO PARTICULAR



PROBA: 24º AUTOCROSS O CASTRO  
CIRCUITO: O CASTRO

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 30/10/2021



FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

## Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A Escuderia Rallyactividad Competicion organiza o 24 Autocross O Castro que se desenrolará o día 30 de outubro do ano 2021.

Esta proba de Autocross-Rallycross disputarase de acordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2021, o regulamento xeral do Campionato de Autocross, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 28 DE SETEMBRO DE 2021. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-028-AU.

## Artigo 2.- VEHÍCULOS ADMITIDOS.

**2.1. Clase I.** Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada ata 1.600 c.c., de estrita serie, e conforme co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

MODIFICACIÓNES AUTORIZADAS	MODIFICACIÓNES NON AUTORIZADAS
<ul style="list-style-type: none"><li>.- A batería pódese instalar no interior do habitáculo.</li><li>.- Pódese instalar unha botella de auga para o limpiaparabrisas supletoria.</li><li>.- Se pode substituír o filtro de aire orixinal por un de competición.</li><li>.- Os muelles de suspensión poden ser os de serie ou os de competición, homologados pola FGA.</li><li>.- A bomba de gasolina poderá substuirse.</li><li>.- Pódese anular o catalizador.</li><li>.- Baleirado do interior do vehículo (só tapizado do teito, portas, interiores, agás o cadre e reloxos orixinais).</li><li>.- Asento tipo baquet homologado.</li><li>.- Cinto tipo Arnés homologado.</li><li>.- Barras de seguridade homologadas.</li><li>.- Volante de competición homologado.</li><li>.- Os faros pódense quitar e anular, así como os intermitentes (dianteiros e traseiros), tapando os ocos.</li><li>.- Pezas de recambio VO, orixinais ou de competencia, pero que figuren no tarifario de recambios do construtor.</li><li>.- Autorizase a monta dun cubrecarter de protección.</li><li>.- Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos no Anuario da F.G. de A.</li><li>.- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles calquera modificación ten que ser consultada, e autorizada ou rexeitada, por escrito á Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.</li><li>.- Autorízase a substitución das zoas acristaladas por policarbonato, agás o parabrisas que ten que ser laminado.</li><li>.- Calquera cousa realizada no vehículo e non autorizada por escrito está prohibida.</li></ul>	<ul style="list-style-type: none"><li>.- Vehículos de estrita serie.</li><li>.- Cilindrada ata 1600 c.c.</li><li>.- Cadro de reloxos e salpicadeiro de orixe.</li><li>.- Sen crabox.</li><li>.- Sen autolocante.</li><li>.- Lamiñas de 14 pulgadas máximo.</li><li>.- Pneumáticos Pirelli de medida 165/70 R14 TLST T6.</li><li>.- Amortiguadores de serie (V.O.) do fabricante.</li><li>.- Motor de caixa do fabricante.</li><li>.- Freo de man hidráulico.</li><li>.- Depósito da gasolina.</li><li>.- Instalación eléctrica de serie.</li><li>.- As partes metálicas interiores dos capots, de orixe, sin recortar.</li><li>.- As portas de orixe, sin recortalas chapas interiores.</li><li>.- Quickshift non se pode montar.</li><li>.- Silencioso enteiro de serie, agás o último que se autoriza a substituílo por tubo recto.</li><li>.- Defensas de serie.</li><li>.- Prohibido reforzos frontais do chasis, etc.</li><li>.- Cabreado que vai para as luces de atrás para que funcione a de po.</li><li>.- Non se autoriza a participación de vehículos de tracción traseira.</li></ul>

## 2.2. Clase II.

Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, cunha cilindrada de menos e de máis de 1.600 c.c. vehículos de tracción dianteira, sen límite de cilindrada, con crabox, con autolocante e co motor preparado, conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross. Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido e non convertibles. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2021.



## 2.3. Clase III. CARCROSS.

Vehículos monoprazas de motor traseiro, construídos e concibidos para a práctica do Autocross, de 2 rodas motrices-traseiras, e propulsados por motores atmosféricos, de catro cilindros e catro tempos, cunha cilindrada máxima de 600 c.c. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A ou C) dos admitidos polo Anuario 2021.

- FIA CrossCar • Dacordo ó Art. 279B do Anexo J ó CDI.

## 2.4. Clase IV. Grupo P.

- Supercrosscar (províntes de turismos), e 4x4 (libres, e prototipos). Os Supercrosscar, e os 4X4 non províntes das series dos fabricantes, terán que ser homologados pola Federación Galega de Automobilismo, para Autocross ou Montaña, e terán que posuér un pasaporte técnico obrigatorio. Os vehículos deberanse presentar nas verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, e cumplir os pesos mínimos, de 900 quilogramos os Supercrosscar, e de 1000 quilogramos tódolos 4x4, províntes de serie, e de prototipos. Instalación obrigatoria de calquera equipo de extinción (tipo A, B, ou C) dos admitidos polo Anuario 2021.

- Vehículos de turismo, homologados e non homologados, ou con homologación caducada, de dúas (tracción traseira) ou catro rodas motrices, cunha cilindrada superior a 2.000 c.c., e inferior a 4.000 c.c., incluíndo os vehículos que dispoñan de sistema de sobrealimentación que estean conformes co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross, e con autorización expresa da Federación Galega de Automobilismo, previa solicitude razonada.

- Para vehículos con dous motores de moto, a cilindrada máxima será de 3.800 c.c. (Atmosféricos).

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-1, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con catro rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea.

### CARACTERÍSTICAS:

a) A cilindrada máxima será, de 4.000 c.c., ben teña un ou dous motores de coche.

b) Para vehículos equipados con dous motores de moto a súa cilindrada máxima total será de 3.000 c.c.

c) En vehículos sobrealimentados, a cilindrada nominal multiplicarase polo factor corrector 1.7.

- Tamén serán admitidos os Vehículos da categoría E-2, construídos seguindo as especificacións dos Art. 282 e 283 do Anexo J e concibidos para a práctica do Autocross con dúas rodas motrices e aspecto exterior dun vehículo de turismo de venda comercial nos concesionarios da Unión Europea. Con motor de moto, de propulsión traseira e cilindrada máxima de 1.500 c.c. situado na parte posterior.

- Tamén serán admitidos os vehículos da categoría E-3.

- Os vehículos deben ser modelos pechados con teito ríxido non convertibles.

2.5.- Os Comisarios Deportivos poderán, en calquera momento, non autoriza-la saída dun vehículo nunha proba, pola súa antigüidade, mal estado, modificacións non autorizadas ou calquera tipo de anomalía, que o seu criterio non cumpran coas medidas de seguridade esixidas.

2.6.- Un mesmo vehículo non poderá inscribirse en dúas clases na mesma proba, nin ser utilizado por dous participantes.

2.7.- Ningunha categoría será constituída de non haber 6 vehículos inscritos, coa súa inscrición e seguro abonado na proba na que pretendan participar tódolos efectos.

## Artigo 3.- DESIGNACIÓN DE NÚMEROS.

3.1.- Os dez mellores clasificados de cada clase outorgárselle o número de dorsal segundo a súa clasificación na edición do Campionato de Galicia de Autocross2020.

3.2.- Obrigatoriamente os números irán nas portas dianteiras e un terceiro irá no parabrisas segundo o artigo 11 do Regulamento Xeral de Autocross.

3.3.- Recoméndase que as organizacións dispoñan dos números suficientes, a maiores, para poñer nos vehículos de Carcross e Turismos.



3.4.- A perda dun número de competición, poderá ser motivo de exclusión se non se pode identificar ben o vehículo, e sempre a criterio dos Comisarios Deportivos.

3.5.- Para pilotos que non se clasificasen na edición anterior, daráselle o número debendo cada piloto repoñer dítos números no caso de ter que substituílo por arranxos de chapa ou outras razóns, pintándoo igual ó que se lle entregou, se non, penalizaráselle coa exclusión dos Comisarios Deportivos da proba.

#### **Artigo 4.- INSCRICIÓN.**

4.1.-Toda persoa que desexe participar na proba 24 Autocross O Castro deberá remiti-lo abono da inscrición, debidamente cumplimentado, á :

##### **ENLACE PARA INSCRIPCIONES:**

<http://www.fga.es>

<https://forms.gle/SvcsFT4iDGAEBaSN6>

E-mail:[rallyactividad@gmail.com](mailto:rallyactividad@gmail.com)

Tlfno: 609720610

4.2.- **IMPORTANTE:** Todo equipo ten que cumplimentar telemáticamente en “www.fga.es” o formulario de inscrición. A falla de calquera dos datos requeridos no formulario de inscrición suporá o refusamento da mesma.

4.3.- Establécense uns dereitos de 105€ (coeficiente 8), aceptando a publicidade do organizador e dereitosdobres non aceptando a publicidade do organizador.

4.4.- Si nunha categoría só houbese unha inscrición de 4 participantes, cunha antelación de 3 días o organizador poderá comunicar á Federación a anulación da devandita modalidade.

4.5.- O prazo de admisión de inscricóns pecharase cinco días (luns) antes do inicio da proba, e a publicación da lista de inscritos se fará tres días antes da proba.

4.6.- As inscricóns realizaranse obligatoriamente a través da páxina web da F.G.A., co nome, nº transponder, escudería, vehículo, categoría e número se ó ten asignado para á tempada, xunto co xustificante de pago.

4.7.- O Comité de Organización resérvase o dereito de refusa-la inscrición dun concursante ou dun piloto debéndose dalo motivo. (Artigo C.D.I.).

4.8- Será obligatorio presentar nas verificacións administrativas, as licenzas, requisitos obligatorios para a súa admisión.

4.9.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos na entidade bancaria ABANCA sucursal de Taragoña número de IBAN **ES32 2080 0344 5330 4000 4706**. Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.



## Artigo 5.- HORARIOS DA PROBA.

Data	Horario	Programa	Lugar
<b>28/09/2021</b>	10:00	Apertura de inscripciones	Secretaría da proba TEF.:609720610
<b>25/10/2021</b>	20:00	Peché de inscripciones	
<b>28/10/2021</b>	21:00	Publicación lista inscritos	
<b>SABADO 30/10/2021</b>	09:00 a11:00	Verific. Administrativas Clase I, II, III e IV	<b>Circuíto</b>
	09:15 a11:15	Verific. Técnicas Clase I, II, III e IV	
	11:45	Publicación lista de autorizados a toma-la saída Clase I, II, III, IV	
	12.00	Saída adestramentos libres CarCross	
	12.15	Saída adestramentos libres -1.600 c.c.	
	12.30	Saída adestramentos libres +1.600 c.c.	
	12.45	Saída adestramentos libres 4x4	
	13.15	Saída adestramentos oficiais CarCross	
	13.35	Saída adestramentos oficiais -1.600 c.c.	
	13.55	Saída adestramentos oficiais +1.600 c.c.	
	14.15	Saída adestramentos oficiais 4x4	
	15.30	Semifinais CarCross	
	16.00	Semifinais -1.600 c.c.	
	16.30	Semifinais +1.600 c.c.	
	17.00	Semifinais 4x4	
	17.15	Final B CarCross(*)	
	17.35	Final B -1600 c.c. (*)	
	18.00	Final B +1600 c.c. (*)	
	18.20	Final CarCross	
	18.40	Final -1.600 c.c.	
	19.00	Final +1.600 c.c.	
	19.20	Final 4x4	
	19.30	Publicación de resultados según conclúan as finais	
	Deseguido	Rolda de prensa dos vencedores das catro categorías	
	Deseguido	Entrega de premios e trofeos	

**Nota: Levantamento vehículos parque de custodia-parque de traballo (unificados):** Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por iso, ao deviñer en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos**, sen ter que esperar ás entregas de premios. (\*) De non poder empeza-la Final B no horario establecido os Comisarios Deportivos poderán suspender as Finais B, pasando a disputarse directamente a Final A. Será obligatorio que a proba se faga sen pausas intermedias. Si se celebraran máis ou menos mangas semifinais ou finais B, que as programadas no cadro horario do regulamento particular, despois dos adestramentos. Os Comisarios Deportivos publicarán no taboleiro de anuncios o novo horario e o avisarán por megafonía.

## Artigo 6.- ORGANIZACIÓN DAS PROBAS.

### 6.1.- VERIFICACIONES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS.

- 1- Tódolos equipos deberán presentarse ao completo co seu vehículo ás verificacións técnicas e/ou administrativas-entrega de documentación.
- 2- Establecerase un horario tipo según o regulamento particular da cada proba e o artigo 5 deste regulamento.
- 3- Será obligatorio presentar nas verificacións, as licenzas de piloto, asistencia, e de escudería, requisitos obligatorios para a súa admisión.



FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

4- Todo competidor que se presente con atraso ás verificacións por causas de forza maior (así entendidas polos Comisarios Deportivos e sempre que o competidor ou o piloto puidese xustificar plenamente a existencia da devandita causa e que o atraso se haxa avisado antes do peche das verificacións), poderá ser verificado ata 30 minutos despois da súa hora asignada, segundo o horario previsto para a súa verificación. Neste caso será penalizado cunha multa de 100€, que será remitida integralmente a Federación Galega de Automobilismo. Pasado devandito prazo non será autorizado a tómala saída.

5- Non se admitirá a tomar a saída a aquel vehículo que non estea conforme co artigo 3 do presente Regulamento Deportivo, e co Regulamento Técnico do Campionato de Galicia de Autocross.

6- Todos os equipos deberán someterse ás verificacións técnicas requiridas durante a celebración da proba, antes, durante, ou o finalizalo meeting.

7- En tódalas probas do Campionato de Galicia realizaranse verificacións sobre a pesada dos vehículos, a proposta dos Comisarios Deportivos ou do Observador da Federación Galega de Automobilismo. No Regulamento Particular deberá especificarse o espazo para a localización da báscula. En todo caso esta localización poderá variarse por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos.

Pesos mínimos: Condicóns de pesaxe: Sen condutor a bordo, depósito de combustible baleiro. Co aceite motor e líquido de refrixeración a nivel, depósito do limpiaparabrisasbaleiro. O lugar de pesaxe ten que estar comentado ou asfaltado, a nivel, non valendo o pesaxe si se fai en terra.

Queda terminantemente prohibido lastrar os vehículos, con chumbo, ou con calquera outro elemento que poida mermala seguridade do piloto.

O peso mínimo será o establecido no regulamento aplicable segundo o grupo do vehículo (Anexo J).

**Clase I:**

Ata 1400 c.c.	800 kg.
Ata 1600 c.c.	860 kg.

**Clase II:**

De 1400 c.c. ata 1600 c.c.	860 kg.
De 1600 c.c. ata 2000 c.c.	920 kg.
Máis de 2001 c.c.	980 kg.

**Clase III: CARCROSS**

Clase III:	310 kg.
------------	---------

**Clase IV:**

- SCC:	
Ata 1000 c.c.	480 kg.
Ata 1500 c.c.	600 kg.

**- SCC 4x4:**

	<b>1 motor</b>	<b>2 motores</b>
Ata 1600 c.c.	580 kg.	780 kg.
Ata 2000 c.c.	700 kg.	900 kg.
Ata 3000 c.c. ou mais	750 kg.	950 kg.

**- TURISMOS:**

Traseira:	1.100 kg.
4x4:	1.200 kg.

Vehículos sen homologación 1000 kg. (FIA, FGA, RFEA).

8- A zona habilitada para realizarse a Verificacións Técnicas debe estar operativa desde o inicio da proba.

9- Como norma xeral, as infraccións de carácter técnico cometidas levarán consigo a anulación dos tempos conseguidos nos adestramentos, a exclusión da semifinal ou Final correspondente podendo chegar á exclusión do meeting.

## 6.2.- CRONOMETRAXE.

1.- O cronometraxe, grellas de saída, e contavoltas, será levado a cabo exclusivamente polo equipo oficial da Federación Galega de Automobilismo, no microbús habilitado ó efecto.

2.- A toma de tempos iniciarase no instante de darse a saída polo Director de Carreira.

3.- Calquera sistema de telemetría está prohibido.

3.1.- Radio. Todo sistema de radio-comunicación entre o condutor na pista e calquera outra entidade ou persoa está prohibido con pena de exclusión do meeting.



3.2.- Infórmase, que na tempada 2021, será obligatorio o transponder "AMB", modelos TRANS X260 DP, nas modalidades de Autocross nos Campionatos de Galicia da especialidade; sendo o cronometraxe oficial, co programa "Circuit Pro", fixado con remaches ou parafusos por diante do eixo dianteiro do vehículo a unha altura máxima de 60 cm con respecto á pista e como máximo a 60 cm. do bordo dianteiro do vehículo sen ningún material metálico ou de fibra de carbono entre o transponder e a pista. **Advertencia: Todo piloto que tivera o transpondedor defectuoso, en adestramentos, en carreira, sen instalar, mal instalado, ou sen cargala batería, non saíra na clasificación (baixo a súa exclusiva responsabilidade).**

4.-As quendas de adestramentos cronometraranse, volta a volta, para cada participante, e o mellor dos tempos obtidos servirá para tomar posición na grella da semifinal. No caso de empate entre dous ou mais vehículos no tempo da volta rápida, tomarase como método de desempate, a segunda volta rápida, e así sucesivamente.

5.- Si un vehículo voltea na manga de adestramentos valerelle o tempo realizado na volta anterior, non podendo continuar para rebaixa-lo obtido.

6.-A carreira darase por finalizada unha vez cumpridas as voltas estipuladas no Regulamento Particular, dando o Director de Carreira a bandeira a cadros a todo participante que pase a liña de meta. Non e necesario cruzar meta para clasificarse, se dous ou mais vehículos quedan parados na pista no transcurso da carreira, e na mesma volta, a efectos de clasificación terase en conta ó orde de paso da última volta pola liña de meta, se isto ocorrese na primeira volta, teríamos en conta o lugar que ocupasen na grella de saída.

### 6.3.- GRELLAS.

6.3.1.- As grellas de saída terán unha composición de 3-2- 3-2 a separación entre vehículos será de 6m. a 8m. entre cada liña. Non se poden colocar en paralelo no sentido lonxitudinal os vehículos.

6.3.2.- Os participantes estarán na pregrilla de saída, trala saída da manga anterior, se non comparecesen, trala toma da bandeira de manga anterior quedaran excluídos e o seu posto na grella non será ocupado.

6.3.3.- No caso de que algúun piloto non se puidera presentar na grella de saída na Final B serán chamados os vehículos reserva sucesivos que se colocarán no derradeiro lugar da grella, non se deixaran espazos libres.

6.3.4.- No caso de avaría estando colocado en grella de saída, no se poderá facer ningunha reparación no vehículo que atrase a proba e o seu posto quedará libre (agás cambiar unha roda co permiso do Director de Carreira).

6.3.5.- Nas finais, o condutor con dereito á "Pole-Position" poderá escoller lugar na primeira fila. O clasificado no segundo lugar poderá escoller unha das dúas prazas restantes. Isto será valido soamente para a primeira liña, o resto da grella colocarase coa pole no lado da primeira curva.

6.3.6.- As grellas formaranse, da seguinte forma:

- Adestramentos: por clasificación no Campionato (1<sup>a</sup> proba por clasificación ano anterior), e as seguintes según a derradeira publicación do Campionato 2020.

- Semifinais: colocaranse polos tempos obtidos nos adestramentos na orde de menor a maior.

- Final: Se só houbese unha semifinal a final formaríase na mesma orde na que rematou a semifinal. Se houbese varias semifinais a composición da grella sería:

O primeiro sería o que rematase 1º da semifinal más rápida, o segundo o 1º da segunda semifinal más rápida, o terceirosería o 1º da terceira semifinal mais rápida, se existise se non sería o 2º da semifinal mais rápida e así sucesivamente.

### 6.4.- SAÍDAS.

6.4.1.- Nos adestramentos darase a saída individualmente por medio dunha bandeira.

6.4.2.- Nas semifinais a luz roxa debe permanecer acesa entre 1 e 4 segundos antes de apagarse.

6.4.3.- No transcurso da proba actuarán XUÍCES DE FEITOS para xulgar as saídas falsas e as penalizacións.



6.4.4.-As saídas anunciaranse 20 segundos antes cunha pancarta en cuxo interior figure unha inscrición de 20 seg., indicativos do tempo aproximado que falta para toma-la saída. 5 segundos antes mostrarse outra pancarta coa inscrición 5 seg.

6.4.5.- A saída das Semifinais e Finais darase mediante semáforo. A saída será o instante no que se apague a luz roxa, despois de ensinar a pancarta de 5 seg.

6.4.6.- Haberá saída falsa para todo vehículo que abandone a posición que lle estaba asignada, antes de apagarse a luz roxa. Neste caso o piloto infractor será advertido da súa acción mediante a presentación dunha pancarta cunha F e o seu número na pizarra. Si esta infracción se produce nunha Semifinal ou Final non se parará a carreira e o piloto será penalizado con 30 segundos, o cal se sumará ós obtidos na clasificación.

Si a saída falsa é con excesiva antelación manifesta, a penalización poderá chegar ata a exclusión a criterio dos Comisarios Deportivos. O deseño da pancarta de sinalización do aviso de saída, será o seguinte:

20 seg.                    5 seg.

60x40 cms                60x40 cms

(Poderase utilizar o anverso e o reverso da mesma para as dúas lecturas).

**6.5.- BRIEFING.** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes dos adestramentos oficiais. O Director da Carreira reunirá ós participantes co fin de imparti-las normas de conducción, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obligatoriamente, e con control de asinamento so pena de exclusión dos adestramentos.

#### **6.6.- ADESTRAMENTOS.**

6.6.1.- Cada serie de adestramentos terá un mínimo de 5 e un máximo de 10 vehículos na pista á vez. Clasificaranse para as Semifinais os 45 mellores tempos dos adestramentos.

6.6.2.- Os vehículos farán adestramentos separados por clases.

6.6.3.- A serie pararase canda o primeiro vehículo permaneza 5 voltas sobre a pista e cruce a meta.

6.6.4.- Os Comisarios Deportivos poderán eximir da realización dos adestramentos oficiais a algúnn participante, se as causas xustificadas de forza maior lle impediron a realización dos mesmos, ocupando o último lugar na grella que se forme sempre e cando houbese sitio para él.

6.6.5.- Se nos adestramentos un coche voltea ou é axudado polo público ou por oficiais de pista, debidamente acreditados, considerase retirado a tódolos efectos.

6.6.6.- Non se pode parar na pista de adestramentos, se non existe avaría. Si un vehículo rompese antes de finaliza-la 1ª volta de adestramento, sairá de último na semifinal.

6.6.7.- Á vista dos tempos realizados na volta rápida dos adestramentos confeccionarase unha lista de cada clase, constituída na orde de menor a maior tempo realizado.

#### **6.7.-SEMIFINAIS.** As semifinais disputaranse a 5 voltas.

6.7.1.- Se hai 15 ou menos vehículos autorizados. Realizarse unha soa semifinal.

6.7.2.- Se hai de 16 a 30 vehículos autorizados. Realizaranse dúas semifinais.

6.7.3.- Se hai de 31 a 45 vehículos autorizados. Realizaranse tres semifinais.

6.7.4.- Final B: Disputarase a 6 voltas. Se non houbese un mínimo de 20 vehículos autorizados por clase non haberá Final B (e mínimo de 6 na grella de saída) para poder celebrala. De non disputarse a Final B, os pilotos reservas deberán presentarse á grella da final, se faltase algúnn piloto (o seu posto será ocupado), o equipo que non se presente no seu lugar e tempo, pasara a ser último, contando os reservas. Completarase a grella con reservas ata 16 participantes.



**6.8.- FINAL A.** A final realizarase a un mínimo de 8 voltas e un máximo de 12 voltas (por causa de forza maior, por luminosidade, nese caso e por acordo do Colexio de Comisarios Deportivos pódese facer as finais a 5 voltas). O número máximo de vehículos clasificados será de 16.

6.8.1.- Clasificados para a Final A:

- Se hai unha soa semifinal, clasificaranse tódolos vehículos.
- Se hai dúas semifinais, clasificaranse os 8 mellores postos de cada Semifinal.
- Se hai tres Semifinais, clasificaranse os 14 mellores postos de entre as tres Semifinais, e os dous mellores da Final B.

6.8.2.- Os vehículos deberán dar entón unha volta de desaceleración ata a entrada do Parque De custodia.

**6.9.- REGADURA DA PISTA.** O organizador deberá prever un sistema de regadura eficaz, antes de empeza-la proba, dispoñendo como mínimo de 30.000 litros de auga e con medios mecánicos suficientes. (Dúas cubas). O horario de regadura así como a súa cantidade queda a criterio e responsabilidade do Director de Carreira. Recoméndase efectuar un regadío previo o día anterior á proba.

#### **6.10.- PARQUE DE CUSTODIA.**

6.10.1.- A proba non termina ata entrar no parque de custodia, e na volta de deceleración non se poderá sacar o casco, cintos, abri-la porta, nin montar ningún no vehículo obligatoriamente ata estar dentro do parque. (No caso contrario quedaría descalificado). Os vehículos avariados irán o parque de custodia.

6.10.2.- Ata despois da publicación oficial dos resultados definitivos, non se podrá sacar o vehículo do Parque De custodia (no caso contrario quedaría descalificado), o levantamento do parque o deciden os Comisarios Deportivos, desde a publicación oficiosa haberá 30m para atender as posibles reclamacións.

6.10.3.- Para retiralo vehículo do Parque De custodia, será obrigatorio que sexa conducido, ben polo piloto ou por un mecánico con licenza de Asistencia en vigor expedida pola F.G.A.

#### **Artigo 7.- PROCEDIMENTO NO CASO DE INTERRUPCIÓN DA PROBA.**

- Se o primeiro participante non completou dous pasos por meta, repetirase a saída tomando como referencia a orde inicial á que se aplicarán as penalizacións que puidera haber. Non entrarán máis pilotos e os postos que non se presenten a nova saída quedarán libres. O participante ou participantes causantes da interrupción da proba sairán nas últimas posición da grella de saída.
- Se o primeiro participante completou dúas voltas pero non completou mais do 60 % da carreira, darase unha nova saída coa orde do último paso pola liña de meta e sumaranse os tempos obtidas nas dúas partes.
- Se o primeiro participante completou o 60 % da carreira, darase esta por finalizada, confeccionando a clasificación polo derradeiro paso pola liña de meta.

#### **Artigo 8.- OBRIGACIÓN DOS PILOTOS DURANTE A PROBA.**

1.- Os vehículos deberanse mover polos seus propios medios, quedando polo tanto prohibido empuxar o vehículo no circuíto, so pena de exclusión da proba.

2.- Os participantes teñen que informar ó Director de Carreira, mediante escrito-formulario presentado ó relación cos participantes, ou o Xefe de Boxes, de que non van tomar parte nunha manga, ou no resto da proba. Non facelo poderá supoñer a exclusión da proba.

3.- Estará prohibido, baixo pena de exclusión, conducir en sentido inverso ó da carreira, co traslado ó Tribunal Galego de Apelación. Só se permitirá mover un vehículo en dito sentido para retiralo dunha situación perigosa eilo baixo a vixilancia dun oficial de proba.

4.- Cortar o paso intencionadamente, a outro participante, ou calquera manobra de conducción antideportiva será penalizado coa exclusión e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.



5.- No caso de que un vehículo se saia da pista, os oficiais poderán prestar axuda ó piloto empuxando o seu vehículo para sacalo dunha situación perigosa, coa condición de que este desprazamento se límite a evacuación do vehículo da pista, e se continua en carreira será descalificado.

6.- Queda prohibido ó piloto recibir axuda de terceiros, baixo pena de exclusión.

7.- Os pilotos deberán mantelo cristal pechado durante a proba.

8.- Queda terminantemente prohibido circular dentro da zona de parque de traballo a unha velocidade excesiva a criterio do Xefe de Parque, así como realizar probas de vehículos en calquera zona do recinto do circuíto, a excepción que o organizador prevexa un espazo a tal fin, feito que deberá figurar no Regulamento Particular. As infraccións a este artigo serán penalizadas a exclusivo criterio dos Comisarios Deportivos.

9.- Cando un vehículo voltee (en adestramentos, ou nas mangas finais, os comisarios deberán volvelo a súa posición primitiva, e retiralo da pista).

10.- No caso de avaría, deberán os condutores sitúa-lo seu vehículo fora da pista de maneira que a súa presenza non constitúa un obstáculo ou perigo para o resto dos participantes, debendo abandonar o mesmo, será obligatorio co piloto antes de abandonalo vehículo ten que accionalo cortacorrientes.

11.- Queda terminantemente prohibido pararse a menos de 100 m. da liña de meta, so pena de penalización o descalificación, e traslado ó Tribunal Galego de Apelación.

12.- Toda acción de enchido de gasolina, ou aceite, no circuíto, estará prohibida baixo pena de exclusión.

13.- A sinalización efectuarase mediante o Código de bandeiras descrito no Anexo "H" do C.D.I.

**BANDEIRA ROXA:** Presentada inmóbil e polo Director de Carreira, indica a tódolos pilotos que deben cesar inmediatamente de correr. Esta bandeira é obligatoria en tódolos postos de control.

**BANDEIRA NEGRA:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, o piloto do vehículo do número indicado deberase deter no parque no seguinte paso polo mesmo, so pena de exclusión.

**BANDEIRA BRANCA E NEGRA DIVIDIDA MEDIANTE UNHA DIAGONAL EN DÚAS METADES:** Presentada polo Director de Carreira cunha pizarra cun número anotado, constitúe un aviso por conduta non deportiva ó piloto do vehículo do número indicado, so pena de exclusión.

**BANDEIRA NEGRA CON DISCO LARANXA:** Informa ó piloto do vehículo do número anotado que o seu vehículo ten problemas mecánicos susceptibles de constituir un perigo para o mesmo ou para os demás pilotos e que deberase parar no parque de traballo no próximo paso polo mesmo.

**BANDEIRA AMARELA:** Perigo. Cando se mostre bandeira amarela estará prohibido facer adiantamentos desde que se mostre ata rebasalo obstáculo, so pena de exclusión.

**BANDEIRA VERDE:** Pista libre.

**BANDEIRA AZUL:** Debe deixar paso ó vehículo que lle sigue e intenta adiantalo. O significado destas bandeiras esta explicado más amplamente no Anexo "H" do C.D.I.

#### Artigo 9.- TROFEOS POR PROBA E PREMIOS FINAIS.

A tenor dos resultados finais dos Campionatos e Copas de Galicia de Autocross concederanse os seguintes premios por proba: Trofeos según coeficiente ós clasificados da final da Clase I, Clase II, Clase III e Clase IV. A entrega de trofeos pódese facer o finalizar de cada clase ó termo da proba. E obligatorio entregar unha coroa ó gañador da clase I, clase II, clase III, e clase IV. Os vehículos será obligatorio levalos antes da Entrega de Premios o Parque de custodia. Entregaranse os seguintes premios recomendados pola Comisión de Autocross da F.G. de A. na final de cada evento.

##### Coef. 7 e 8

1º Trofeo

2º Trofeo

3º Trofeo



9.1.- Será obligatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, nin mecánicos, e sen seareiros, de non facelo perderá o dereito tanto o trofeo como ó premio en metálico.

#### **Artigo 10.- CONCURSANTES ADMITIDOS.**

Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia estarase ó disposto no Anexo I do Anuario Deportivo 2021 publicado pola Federación Galega de Automobilismo.

#### **Artigo 11.- ACTAS E INFORMES DA PROBA.**

As actas de clasificación completas, incluíndo as mangas de adestramentos, clasificacións, finais, así como os informes dos Comisarios Técnicos, Comisarios Deportivos e Director de Carreira, deberán obrar no poder da F.G. de A., debidamente cumplimentadas, nun prazo non superior aos dous días; tamén deberán entregarse copias ó Observador da proba, ó finalizala mesma.

#### **Artigo 12.- OFICIAS DA PROBA.**

##### **Presidente Escudería/Comité Organizador:**

Dª. Ana Belen Sieira Otero CD1<sup>a</sup>-0750-GA-AUT.

##### **Comisarios Deportivos:**

Presidente: D. Antonio Pérez Cid DC1-0031-GA-AUT.  
D. FCO Javier Riaño Lueiro CD1-0016-GA-AUT.  
D. Diego A. Ferreira Triñanes CD1-0803-GA-AUT.

##### **Observador da F.G. de A.:**

D. FCO. Javier Iglesias Ferrin OBS-0061-GA-AUT.

##### **Director da Carreira:**

D. Marco Ramos Castro DC-0325-GA-EST.

##### **Adxunto ó Director:**

D. Marcos Sánchez Rañó CD1<sup>º</sup>-0807-GA-AUT. (Xefe de seguridade)  
D. Valentín Torrado Rial OD-0810-GA-AUT. (Responsable comisarios de pista)  
D. David Bouzón Sieira OD-0808-GA-AUT. (Responsable de grellas)

##### **Comisarios de Verificacións Administrativas:**

Presidente: Dª. Ana Belen Sieira Otero CD1<sup>a</sup>-0750-GA-AUT.

##### **Comisarios Técnicos:**

Presidente: D. Iván González Abeleira JOC-0595-GA-EST.  
D. Lorenzo Lojo Gómez JOC1<sup>a</sup>-0804-GA-AUT.

##### **Xefe de Boxes:**

D. Juan Vázquez Rodríguez JDA-0806-GA-AUT.

##### **Relacións cos Participantes:**

D. Marcos Magán Otero OD- 0805-GA-AUT.

##### **Cronometradores:**

D. José A. Penedo Marnotes JOB-0029-GA-AUT.



FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMOVILISMO

#### Comisarios de Ruta:

- |                            |                 |
|----------------------------|-----------------|
| D. Jesus M. Gomez Cespón   | OD-0809-GA-AUT. |
| D. Javier Varela Vidal     | OB-0696-GA.EST  |
| D. Alfredo Rey Redondo     | OD-0811-GA-AUT. |
| D. Angel S. Rey Otero      | OD-0812-GA-AUT. |
| D. Sergio Tembra Torrado   | OD-0813-GA-AUT. |
| D. Isaac Alonso Fernandez  | OD-0568-GA-AUT. |
| D. Alberto Fojo Monteagudo | OD-0567-GA-AUT. |
| D. Jose A Garcia Garcia    | OD-0570-GA-AUT. |
| D. Sergio N. Goldar Solla  | OD-0569-GA-AUT. |
| D. Sergio Herbón Perez     | OD-0814-GA-AUT. |

#### Servizos Médicos: TEAM MEDICAL GALICIA

Dona Ana Belen Sieira Otero, provisto da licenza do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, con número CD1<sup>a</sup>-0750-GA-AUT solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Asdo.: DIRECTOR DA PROBA

N.I.F.: 32830111A

Licenza DC-325-GA-EST

ENTIDADE: Escuderia Rallyactividad Competicion

Asdo.: PRESIDENTE Dona . Ana Belen Sieira Otero

C.I.F.: G15978273

Licenza CD1<sup>a</sup>-0750-GA-AUT

SELO DO CLUB




Asdo.: Xefe Seguridade

N.I.F.: 52937198-F

Licenza CD1<sup>a</sup>-0807-GA-AUT

CROQUIS/PLANO (SEN ESCALA) DO TRAZADO DO CIRCUÍTO  
LONXITUDE CIRCUÍTO: 900 METROS





FEDERACIÓN GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

## ANEXO I

### RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

1.-Amparándonos no artigo 27.2 do noso Estatuto de Autonomía, onde Galicia ten a competencia en materia de deporte en "exclusiva", por acordo de Xunta Directiva e Comisión Delegada, de data 1 de Outubro de 2020, e refrendo da Asemblea, emitírase "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS" que habilitarán para participar en probas Autonómicas de Galicia.

A Federación Galega de Automobilismo entende que é posible a convivencia de ambas licenzas (LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA E LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL) a vista do declarado polo Tribunal Constitucional en sentenza 32/2018 do 18 de abril de 2018. Asimismo en apoio desta tese, o Xulgado Central do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, ditou sentenza do 22 de Setembro de 2020 nos autos de recurso contencioso administrativo 13/2019 na que estimando a demanda interposta polo Presidente da Federación Galega de Piragüismo fronte a resolución do 8 de marzo de 2019 do "Tribunal Administrativo do Deporte" declara a nulidade da mesma e condena as demandadas, "Tribunal Administrativo do Deporte" (do C.S.D.) e "Real Federación Española de Piragüismo" a pasar pola devandita declaración. Déixase polo tanto sen efecto as sancions, económica e de inhabilitación, que se lle impuxeron ao Presidente da Federación Galega de Piragüismo por emitir "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS" nas tempadas de 2015, 2016, 2017 e de 2018.

Na resolución ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo Número 2, de Madrid, polo que os licenciados de Galicia lles interesa razoase que:

Como resultado das alegacións das partes a F.G. de P. só ingresou a R.F.E. de P. a parte correspondente a mesma das "LICENZAS AUTONÓMICAS ÚNICAS-ESTATAIS" tramatidas na Galicia, e non así as da parte das "LICENZAS AUTONÓMICAS DE GALICIA-EXCLUSIVAS", por entender que coexisten estes dous tipos de licenzas, e que non procede neste último caso.

O Tribunal Constitucional na súa sentenza de pleno, número 33/2018, de 12 de Abril do 2018, recurso de inconstitucionalidade número 3447/2015, apreciou a inconstitucionalidade do que se denomina efecto "transversal" ou "horizontal" da "LICENZA AUTONÓMICA ÚNICA-ESTATAL", non o "vertical" o que impide declarar a nulidade do preceito impugnado no seu conxunto, o artigo 23 da Lei 15/2014, de 16 de setembro, da racionalización do sector público, polo que se modificou o apartado 4 do artigo 32, da Lei 10/1990 do Deporte, realizando no seu lugar unha interpretación do mesmo conforme á Constitución (FJ 3º Letra F).

Trátase dunha resolución xudicial que xunto á xa mencionada do Tribunal Constitucional supón devolver ás Federacións Autonómicas de Galicia as "competencias exclusivas" de que foron privadas coa modificación do artigo 32.4 da Lei 10/1990 do Deporte.

- Ademais nun momento como o presente no que as dificultades para o "deporte de base" víronse agravadas pola pandemia do Covid-19 supón unha conquista para o Deporte Autonómico de Galicia xa que suporá abaratar custos (o 90% só participan en probas autonómicas de Galicia) os deportistas que unicamente queren participar en probas autonómicas e poderán obter unha "LICENZA AUTONÓMICA DE GALICIA-EXCLUSIVA" cun custo inferior.

A decisión tomouse para beneficiar economicamente os licenzados autonómicos, que participarán con "Licenza Autonómica Galicia-Exclusiva" en probas autonómicas (non estatais) coconseguinteabaratamento.

2.- Avista de que varias federacións non esixen para a obtención de licenza de piloto ser titular dun permiso de condución como modo de verificar que o condutor ten os requisitos de capacidade, coñecementos, e habilidade necesarios para a condución dun vehículo, que establece o artigo 61 da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, a Federación Galega de Automobilismo non permite a participación de pilotos que non estean en posesión dun permiso de conducción, expedido pola D.G.T. ou organismo equivalente doutro país, para poder conducir un vehículo de competición en vía pública, con ou sen proba deportiva, ainda que estean en posesión dunha licenza federativa. Os maiores de 16 anos e menores de 18 anossó poden participar, estando en posesión de licenza federativa de piloto, en circuitos pechados (circuíto de velocidade, circuíto de autocross, oucircuíto de karting).

3.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa nas competicións oficiais, da "Federación Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos á "Federación Galega de Automobilismo" para a súa venta, promoción, e difusión pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

4.- Para garantir a responsabilidade a que houbese lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisión Delega aprobou a seguinte normativa de obrigadocomprimento que estará vixente a partir da tempada 2020, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentracións, Rallyes 2ª Categoría, Slalom, e demais eventos a celebrar en Galicia: A.- Para cumplimentalas follas das inscricións terase que indicar nome, apelidos, e número da licenza do membro que faga as labores de asistencia. B.- O licenzado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma función de asistencia para outro participante na mesma proba. C.- Todo participante que non sinalena folla de inscrición o nome, apelidos, e licenza da súa asistencia, nos termos antes establecidos será penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorización a tomarlaída.

5.- Tódolos Campionatos, Supercampionatos, e Copas de Galicia, a partir da tempada 2021 inclusive, serán considerados "OPEN"; agás a PXP 21 Junior, as Fórmulas de Promoción, e para participar e puntuar nestas, só se poderá coas as Licenzas Autonómicas de Galicia Exclusivas.

6.-Na reunión extraordinaria de Xunta Directiva/Comisión Delegada da "Federación Galega de Automobilismo", adoptouse de forma unánime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporda 2021, sexan considerados "Open".

7.-Asimismo, e como se puxo de manifesta na Asemblea da "Real Federación Española de Automobilismo", non serán expedidas nem admitidas para participar en competicións oficiais que se celebren en Galicia, nem forman parte da regulamentación deportiva da "Federación Galega de Automobilismo", os permisos de participación (ER, COR, PPP, PPC, PPK), posto que son permisos que outorgadereitosrestrinxidosou limitados a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a súa integración plena na "Federación Galega de Automobilismo", e por tanto incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia que establece no seu Artigo 28, en canto a expedición e contido das "Licenzas Autonómicas de Galicia-Exclusivas", no seu apartado terceiro, que no seu caso, estas outorgarán, aoseu titular a condición de membro da Federación Galega de Automobilismo, que o habilita para participar nassúas actividades deportivas e competicións, e acreda a súa integración na Federación Galega de Automobilismo, con dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da Federación Galega de Automobilismo. As Licenzas Autonómicas Únicas Estatais, por aplicación legal, impiden que os seus titulares se integren, con plenos dereitos, na Federación Galega de Automobilismo.

8.- A Licenza que da dereito a voto, e ser elixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo" e a "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva". A "Licenza Autonómica Única-Estatal" non da ningún dereito a voto, ninoutorga a condición deelixible nos procesos electorais da "Federación Galega de Automobilismo".

9.- Poderase participar e puntuar, sen ningún tipo de discriminación, en tódolos Campionatos de Galicia de Automobilismo coa "Licenza Autonómica Única-Estatal" e coa "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva".

10.- Se calqueralicenzado autonómico quixería ampliar la licencia a Autonómica Única-Estatal terá que aboar, a maiores, o 25% que se lle ten que aboar a "Real Federación Española de Automobilismo" más quince euros de gastos de tramitación, impresión, envío por mensaxería, e notificación de alta no arquivo da "Real Federación Española de Automobilismo".

11.- Convivencia da "Licenza Autonómica de Galicia-Exclusiva" e da "Licenza Autonómica Única-Estatal" para a tempada de 2021 e vindeiras.